Incluso os anuncios realizados dende o Partido Popular parecen ir en dirección contraria, ao defender dende a súa máxima representación que a Administración xeral do Estado recupere competencias que hoxe corresponden á nosa Comunidade Autónoma, en cuestións como, por exemplo, a educación, a xustiza ou sanidade. Ou cando se afirma que o Estado das autonomías chegou ao seu



límite e non se realizase ningunha competencia máis cara ás comunidades autónomas.

Esta posición política coincide e resulta congruente co balance de cero transferencias nos últimos doce anos para Galicia, onde maioritariamente gobernou no Goberno central o Partido Popular, e vén a contrastar a nivel galego co dinamismo de anos precedentes dos anteriores gobernos autonómicos, aínda de diverso signo político.

Co fin de acabar coa dinámica instaurada polo Partido Popular nesta materia, xa en 2019 este grupo parlamentario presentou esta proposta que pretende que, unha vez máis na historia, exista un impulso no autogoberno galego que garanta que Galicia non quede atrás, iniciativa rexeitada polo Partido Popular en consonancia co seu completo desleixo por que a nosa terra siga avanzando competencialmente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para avanzar na asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, asumindo a este respecto o Informe realizado polo Goberno galego para a Comisión Mixta de Transferencias de data 3 de novembro de 2005, dando prioridade ás seguintes materias:

1. Arquivos históricos e os seus fondos.
2. Funcionarios de habilitación nacional de Administración local.
3. Expedición de títulos de Xestor administrativo.
4. Formación continua na Administración local.
5. Xestión do dominio público marítimo terrestre e ordenación de usos e actividades.
6. Outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo-terrestre.
7. Obras de conservación e mellora do dominio público marítimo-terrestre.
9. Delegación das funcións de inspección sobre embarcacións marítimas.
9. Policía Autonómica Galega.
10. Tráfico e Seguridade viaria.
11. Demarcación xudicial.
12. Execución das normas de Seguridade privada.
13. Funcións e servizos relacionados coa agricultura e desenvolvemento rural aínda non traspasados.



14. Seguros agrarios.
15. Política forestal aínda non traspasada.
16. Xestión conveniada do Catastro.
17. Canón sobre concesións da Comunidade no dominio público portuario.
18. Espazos pesqueiros e deportivos integrados nos portos de interese xeral do Estado.
19. Instalacións previstas no artigo 110.b da Lei de costas.
20. Servizos de proximidade ferroviaria.
21. AP- 53.
22. Transporte fluvial.
23. Actividade administrativa en materia de Propiedade industrial.
24. Actividade administrativa en materia de Propiedade intelectual.
25. Formación profesional náutico pesqueira.
26. Inspección de traballo e Seguridade Social.
27. Seguro escolar.
28. Paradores de Turismo.
29. Expedición e homologación de títulos e estudos estranxeiros de ensino universitario.
30. Sanidade penitenciaria.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 16:59:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/04/2021 16:59:33

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 17:00:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O balance da política industrial do Goberno galego nos últimos 12 anos é claramente negativo. Galicia perde peso no conxunto da industria española, tanto en termos de volume de produción, como en termos de emprego. A análise do Valor Engadido Bruto das industrias extractivas, manufactureiras e enerxía, mostran un descenso continuado do seu peso no VEB total, polo menos, ata o ano 2017 para o que existen estatísticas, cunha perda de peso en torno ao 0,2 % anual.

A lexislatura pasada, o Índice de Producción Industrial (IPI) diminuíu un 2,5 % en Galicia fronte ao 0,4 % no conxunto de España. E no 2019, foi especialmente desfavorable, o IPI en Galicia diminuíu un 5,6 %, mentres en España aumentou un 0,7 %.

En termos de emprego, dende que Feijóo goberna a Xunta de Galicia, o emprego industrial diminuíu en Galicia un 11,1 % (de 208.400 a 185.100 ocupados), mentres que en España o fixo nun 3,9 % (de 2.930.660 a 2.815.800). Así o emprego industrial galego era en 2009 o 7,1 % do conxunto de España e baixou en 2019 ao 6,6 %. Desta forma, a proporción de emprego que representa o sector industrial no conxunto dos ocupados galegos reduciuse dende o ano 2009 ao 2019 en 1,1 puntos porcentual (do 17,8 % en 2009 ao 16,7 % en 2019).

A política industrial da Xunta de Galicia nestes derradeiros dez anos foi o mellor exemplo da publicidade e propaganda como eixes da acción de goberno, tratando de aproveitar os éxitos que existiron no tecido industrial galego para vendelos como propios, mentres que ante os problemas sempre existía algún responsable externo, que cando non gobernaba o Partido Popular, era sobre todo o Goberno de España.

Esta campaña publicitaria permanente reforzouse cunha batería de textos lexislativos que permitían facer roldas de prensa, pero non aportaban nada ao reforzo do tecido industrial de Galicia, sen instrumentar os programas de



innovación, programas de internacionalización e programas de mellora da competitividade industrial, que eran contemplados normativamente.

Probablemente, o mellor exemplo da incapacidade do Goberno de Feijóo de plasmar en accións concretas a súa produción lexislativa en materia industrial é a Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, norma con moito de declarativa, pero con escasa (ou nula) incidencia real no sector dende a súa aprobación.

A aprobación deste plan director da industria de Galicia correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, o cal xa o 13 de maio de 2015 aprobou a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, como “un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento”. As dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un 20 % do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, obxectivos totalmente incumpridos.

Doutra banda, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) debería ser o principal axente público co que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, sendo a súa xestión moi deficiente. De feito, o Igape está a perder relevancia dende que Feijóo chegou ao goberno, cando sería necesaria unha actitude moito máis activa. As súas partidas iniciais aparentemente aumentan, pero son logo rebaixadas e a execución real de gasto no exercicio previsto é moi baixo e claramente en declive. Así, no seu conxunto, dos 306 millóns de euros que tiña o Igape para o trienio 2016–2018, unicamente executou 160, pouco máis da metade; deixando sen xestionar practicamente outro tanto. Esta situación é especialmente alarmante nos anos 2017 e 2018.

Os elementos nucleares dunha política industrial alternativa están claramente definidos. O ámbito institucional, o capital físico, chan industrial, transporte e loxística, a financiamento, e o capital humano, organización, innovación, internacionalización... Resulta evidente que cos datos do comezo podemos afirmar que o modelo de actuación pública dos gobernos de Feijóo na actividade industrial, en caso de que podamos aceptar que os ten, non funcionan.

É imprescindible avanzar cara a novas vías de actuación na política industrial, especialmente, no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional, multiplicado coa chegada da pandemia do covid-19. Ademais da incerteza do escenario económico internacional, temos as propias incertezas dos elementos disruptivos do cambio tecnolóxico, que sen dúbida vai afondar na



necesidade de redefinir os mecanismos de actuación do ámbito público na actividade industrial. A aparición de novas actividades e novas formas de produción, obriga ao ámbito público a reforzar esta transformación estrutural. O elemento central deste novo escenario da produción industrial é o coñecemento que tería que conducir a nosa economía cara a unha maior produtividade que permitise á súa vez unha mobilidade no emprego que permitiría absorber os empregos prescindibles no novo escenario.

Necesitamos unha política industrial que debe facer fronte ás necesidades sectoriais e conxunturais da nosa industria nestes momentos de cambio. Desafíos moi variados e diversos segundo o sector que se analice. Neste eido cabe comentar especialmente os problemas que afectan á industria dun xeito horizontal, é dicir, que inciden, en maior ou menor grao, en todas as ramas industriais.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas. É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non só dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0. E aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea.

Necesitamos desenvolver unha Estratexia Galega de Modernización Industrial e Competitividade que nos permita mellorar a nosa competitividade, tendo en conta o noso contexto, no que estamos por debaixo da media europea en grandes empresas, e temos un importante número de Pemes que precisan axuda.

Os escenarios de competencia son dous ben diferentes, fronte a aqueles territorios con altas taxas de investimento en I+D+i, e con aqueles outros que teñen a vantaxe de baixos custos laborais e medioambientais. Estratexias que teñen que se definiren necesariamente nun acordo cos axentes económicos e sociais para que sexan efectivas.



Unha nova política industrial é necesaria, en tanto este sector resulta estratéxico pola súa capacidade de xerar postos de traballo, con mellores salarios, así como unha maior calidade e estabilidade no emprego. Un feito facilmente constatable ao observar como as comunidades autónomas con maior peso da industria contan á súa vez con menores taxas de desemprego e unha renda media máis elevada. A dita reindustrialización debe ser complementada con medidas que impulsen a transformación dixital, ademais da transición ecolóxica con xustiza social.

Agora ben, para un obxectivo tan ambicioso resulta imprescindible non só a vontade do Goberno, senón tamén a participación de todos os axentes que conforman a actividade industrial no noso país. É por iso polo que o PSdeG-PSOE cre necesario, alcanzar un pacto galego pola Industria, acordado entre todos os grupos parlamentarios, organizacións sindicais e empresariais, co fin de dar certeza ao sector e favorecer a atracción de novos investimentos.

Agora, coa crise ocasionada pola Covid-19, este pacto galego pola industria é máis necesario aínda se cabe. Así, o forte *shock* que producirá no curto prazo o parón da actividade polas medidas de confinamento e o estado de alarma para facer fronte á pandemia, seguiralle un posterior proceso de reconstrución económica e social que permita recuperar canto antes a senda perdida coa aparición do virus. Un proceso que necesitará do maior consenso social posible para a súa mellor consecución, ao redor dun novo pacto para a reconstrución económica e social. Este pacto de reconstrución será no Parlamento de Galicia. A procura do pacto entre diferentes ao redor desta comisión supón unha oportunidade para incluír nos acordos entre os grupos da Cámara o necesario pacto pola industria, acordado tamén cos axentes sociais, e que permita tanto a rápida recuperación do sector, como tamén sentar as bases para unha nova política industrial no noso país.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a alcanzar un Pacto pola Industria que estea salvagardado de eventuais e futuros cambios políticos no noso país, con vocación de estabilidade, permanencia, certeza e compromiso orzamentario, coa participación da Administración local e os axentes sociais co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital.

Pazo do Parlamento, 31 de abril de 2021





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 31/03/2021 17:59:48

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/03/2021 18:00:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/03/2021 18:00:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda da declaración como BIC do Monumento aos Mártires de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Monumento aos Mártires de Carral, para alén de facer parte da identidade desta pequena localidade coruñesa, representa unha páxina viva da historia colectiva galega na súa procura da democracia e dunha maior autoorganización política como pobo.

As orixes deste simbólico monumento sobre o que se ergue a dignidade colectiva temos que o procurar no levantamento liberal progresista encabezado polo coronel Miguel Solís que se proclamou en Lugo o 2 de abril contra o goberno Narváez, causante e promotor dun recorte de dereitos e liberdades e dunha centralización administrativa que provocou a revolta militar que contou con importante apoio social.

Con Narváez, como presidente do Consello de Ministros, proclámase unha nova Constitución en 1845 que substitúe a de 1837, máis progresista; redúcese a participación electoral; recórtase a liberdade de expresión e imprenta e prodúcese unha reorganización dos municipios e deputacións provinciais, poñendo fin á democracia municipal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As tropas sublevadas contra o réxime foron derrotadas na batalla de Cacheiras, nas proximidades de Santiago de Compostela, o 23 de abril de 1846.

Un suceso que deixou pegada imborrábel na memoria do país, o que fixo que dez anos despois estes militares fosen homenaxeados e condecorados, aprobándose a realización dun monumento na súa memoria en Santiago de Compostela, aínda que non chegou a realizarse.

En 1904 a Liga Galega da Coruña, grupo político rexionalista e liberal, vinculado ao polo intelectual rexionalista coñecido como “A Cova Céltica”, levaría o seu propio monumento en memoria dos que denominou “Mártires da Liberdade” en Carral, na localidade onde foran fusilados despois dun xuízo rápido.

Os rexionalistas viron nos feitos de 1846 un referente simbólico da historia de Galiza e nos mártires de 1846 un símbolo do inicio do galeguismo que se asentaría en clave política no primeiro cuarto do século XX.

O monumento aos Mártires de Carral ten forma de cruz con saíntes contrafortes na súa base, resalta o almofadillado, loce o escudo de Galiza, fíxose con sillares de granito traído da aldea de Illó en Barro (Pontevedra) e foi deseñado polo arquitecto D. Juan Álvarez Mendoza. Posteriormente rodeouse cun valado de ferro fundido, obra dos Irmáns Seoane de Vilaboa.

No mes de maio de 1917, ábrese outra subscripción popular para erguer un mausoleo en honor dos mártires do levantamento de 1846 e colocar unha lápida cos nomes dos fusilados no monumento erguido pola Liga Gallega en 1904.

Este acontecemento histórico deixou unha profunda pegada na literatura galega decimonónica e ao longo do século XX.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, segue a ser un lugar de recoñecemento anual por parte do pobo e de colectivos culturais, así como un punto de encontro en irmandade para as comunidades educativas de Carral e Cacheiras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incoar o expediente BIC para o Monumento dos Mártires de Carral, situado no núcleo desta localidade da provincia da Coruña.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2021 09:16:47





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 05/04/2021 09:16:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/04/2021 09:17:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia atópase no proceso de vacinación da pandemia da Covid-19. A vacinación foi o feito determinante na contención do virus alá onde máis atacou, nos centros de atención residencial.

A pandemia fixo visible a realidade do contexto de atención residencial para os maiores, obrigando ás administracións competentes a un cambio de perspectiva sobre o modelo residencial do futuro inmediato, para optimizar o modelo de coidados para as persoas maiores.

Dende a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria creouse un comité asesor sociosanitario para avanzar no novo modelo de atención residencial. O 16 de marzo celebrouse o terceiro encontro do mesmo coa Consellería de Política Social.

Tendo en conta a relevancia da cuestión a tratar, dende o Grupo Socialista consideramos fundamental coñecer a composición do Comité Asesor, así como unha maior participación do resto de forzas representativas da cidadanía galega. Con elo, a finalidade será optimizar os coidados das persoas maiores cunha perspectiva ampla.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, dea conta do traballo e da composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como da inclusión participativa do resto de forzas políticas que teñen representación na Cámara galega.”

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 31/03/2021 17:03:48

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2021 17:04:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/03/2021 17:04:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre as obras da Xunta de Galiza no concello de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o concello de Ourense ven padecendo unha importante, drástica nalgúns casos, redución dos investimentos en obras e infraestruturas públicas o que, unido as distintas crises sufridas, está a provocar un importante deterioro económico e social. Xunto coa evidente repercusión económica, non compensada -antes ao contrario- por un incremento dos investimentos privados, a cidadanía de Ourense está a padecer unha perda considerable na calidade dos servizos públicos que recibe das diferentes administracións públicas, así como unha progresiva degradación do espazo urbano.

Así durante o primeiro trimestre do 2020 no que gobernaba o Concello de Ourense o Partido Popular e Democracia Orensana a Entidade Local non licitou obra algunha, sin que a licitación dos meses posteriores compensase tal abandono. A situación é similar á vivida ano 2019 no que o investimento do goberno local foi apenas superior ao millón de euros, situándose á cola de todas as capitais de provincia do Estado, xunto con Palencia e Segovia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A práctica incompencia do goberno local non foi compensada cun incremento investidor doutras administracións pública, nin do goberno amigo da Xunta de Galiza, nin do goberno do Estado, que tamén reduciu os proxectos previstos para Ourense que por certo, seguen ser os mesmos nas últimas décadas, o que ven a acreditar o desleixo e falla de interese con Ourense dos sucesivos gobernos do Estado.

Poren o problema dos investimentos públicos en Ourense non só é cuantitativo - que claramente o é- senón tamén cualitativo, pois é notorio que algúns dos poucos proxectos que se aproban e executar non dan solución ás necesidades existentes, non se executan consonte ao previsto, non respostando, en moitos casos, ás urxencias e prioridades da cidade de Ourense e a súa poboación.

Así, no ano 2018 investiuse máis dun millón e medio de euros no contrato denominado Mellora da accesibilidade da OU-536, obviando un proxecto existente dende hai anos que alén da facilitar a circulación e aumentar a seguridade viaria, interviría para a integración e transformación urbana.

Na mesma liña e como xa temos denunciado estanse a executar as obras de acondicionamento na rúa Marcelo Macías por máis de 1,7 M€ obviando o parecer dos técnicos municipais que denuncian que as mesmas non se axustan ao proxecto, nin respostan á finalidade que supostamente motivou o investimento de recursos públicos. Algo moi similar ao realizado no edificio xudicial ao que se destinaron máis de 18 M€ sen unha correcta organización do espazo, das funcións que se ían desenrolar no mesmo, das condicións das persoas que traballan nel. A que a Xunta denominada Estación de Autobuses de Ourense, a inacabada AG-31, ou as obras de acceso ao polígono industrial de San Cibrao dende a A-52 que a pesares do investimento realizado, non permiten conectar o referido parque industrial coa autovía das Rías Baixas que, xa que logo, aínda non ten conexión áxil cos parques industriais de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente o traslado da pista de skate dende o pavillón dos Remedios á ao parque de O Couto ou as obras de valoración da Ponte Romana.

Sen que nesta breve escolma podamos esquecer a existencia de proxectos esenciais para o desenvolvemento de Ourense que levan décadas paralizados ou con escasos e nada significativos avances, por parte dos sucesivos gobernos do Estado, como é a conexión viaria entre Ourense e Lugo (A-56), con Valdeorras ou a integración do AVE na cidade de Ourense que perpetúa a división entre bairros e cercea a necesaria humanización e racionalización urbana da cidade.

En suma, a escasa obra pública executada en Ourense nos últimos anos non está a impulsar o desenvolvemento económico e social da cidade, sendo evidentemente ineficiente para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Revisar as obras de orzamento superior ao 1 M€ recentemente executadas na cidade de Ourense ou que aínda estean en execución, a fin de verificar que o proxecto contratado se corresponde co realmente executado.

2.- Recuperar o proxecto de soterramento da r/ Otero Pedraio - OU-536 – para a integración do campus na trama urbana da cidade de Ourense.

3.- Acondicionamento e mellora da totalidade das vías de titularidade da Xunta de Galiza na cidade de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Revisión do proxecto de acondicionamento da contorna da Ponte Romana de Ourense e o traslado das pistas de skate ao Parque de O Couto.

5.- Demandar do Goberno do Estado:

a) A inmediata execución, e sen máis demoras, do proxecto de integración do AVE na cidade de Ourense que suprima a división entre bairros actualmente existente e que libere as actuais vías para a súa utilización como rede de comunicación cos polígonos industriais

b) A revisión do proxecto de Estación de ferrocarril de Ourense, a fin de que a cidade de Ourense dispoña dunha estación digna, que xunto cun carácter intermodal real e sen comprometer a seguridade viaria, garanta a efectiva permeabilidade entre os bairros da cidade; así como dunha Estación de Mercancías en Taboadela.

c) Impulsar o efectivo cumprimento dos proxectos de conexión viaria de Ourense con Lugo (A-56) e coa Comarca de Valdeorras (A-76).

d) Execución do proxecto denominado ‘Boulevard termal’. ”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/04/2021 13:31:33

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2021 13:31:41

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2021 13:31:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Lei galega 10/2003, do 26 de decembro, regula o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

Na actualidade, pasados case 18 anos, e necesario adaptar esta lei á normativa vixente a nivel europeo e estatal, en concreto ao Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, que cumpre o mandato recollido na disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa ao Convenio internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, xa que implica a consagración destes dereitos e a obriga dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade é completo e efectivo, en de acordo co establecido no artigo 9.2 da Constitución.

Polo tanto esta lei precisa reformas para adaptala á nova normativa en extremos como:

1. Ampliación da aplicación desta lei non só ás persoas que a consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal (cans de asistencia xubilados, a vítimas de violencia de xénero) e necesidade de ampliar o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Necesidade dun desenvolvemento regulamentario que inclúa entre outros extremos:

- O relativo ao procedemento de acreditación, rexistro e identificación oficial dos cans de asistencia.



- Creación dun distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento, ou aos cans guía xa acreditados como tales.

Así mesmo e co fin de sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade de garantir accesibilidade a toda a poboación así como sobre a función que levan a cabo estes cans, dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que sería axeitado que pola Xunta de Galicia, se promocionen campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, cun maior fincapé en promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.
2. Incluir nesta reforma a categoría de cans de asistencia aos que presten este servizo a persoas maiores, vítimas de violencia de xénero o calquera outras que o necesiten para garantir a súa autonomía persoal
3. Promover campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/04/2021 17:11:53

Marina Ortega Otero na data 05/04/2021 17:12:01

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2021 17:12:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/04/2021 17:12:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da verbena galega atópase nunha situación crítica. A aparición da Covid-19 supuxo un absoluto parón para centos de pequenas empresas dependentes e ligadas ás festas populares ou verbenas, debido ás restricións sanitarias impostas dende o Estado e dende a Xunta de Galiza. Dende o día mesmo da declaración do estado de alarma, todas aquelas pequenas empresas e autónomos que se adican principalmente ao longo do ano a prestar servizos que fan posíbel a celebración de algo tan noso como son as verbenas ou as festas populares, non puideron traballar.

Na execución destes eventos interveñen multitude de profesionais, como poden ser empresas de pirotecnia, aluguer de carpas e xeradores, cantineiros, empresas de montaxe de escenarios, técnicos de son, electricistas ou polbeiros, por nomear algúns pero que en realidade son moitos máis: provedores, servizos de imprenta, servizos de comida, servizos de imprenta...

E todos eles fan posíbel a celebración de eventos cun selo nidiamente galego, intimamente ligado á nosa cultura popular e cun forte impacto económico. As nosas festas populares constitúen un reclamo turístico importante ao xerar sinerxías moi positivas entre a propia cultura, a música ou a gastronomía e o turismo, creando unha mestura de elementos moi atractivos para o visitante e identificadores do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación destes profesionais viuse agravada polas especificidades do sector, principalmente a estacionalidade e a temporalidade da actividade, que se estende de abril a outubro. Polo que dende outubro de 2019, moitas destas empresas tiveron facturación cero.

Na maior parte dos casos, tampouco puideron acceder as axudas articuladas polo goberno galego até o de agora, precisamente polas súas particularidades. E o futuro non se presenta moi alentador, atendendo á evolución da pandemia, ao ritmo de vacinación e a necesaria recuperación da confianza por parte dos organizadores destes eventos e dos propios concellos, reacios a permitir actividades deste tipo.

Polo que dende o sector ven moi difícil poder levar a cabo a súa actividade no próximo verán.

Xa dende o mes de xullo do ano pasado intentaron que a Xunta de Galiza os escoitase para poder buscar viabilidade ao sector, e malia que se mantiveron algunhas reunións, o resultado das mesmas foi infructuoso, xerando malestar e un gran desánimo entre os profesionais e empresas que se adican a realizar este tipo de eventos.

Nos contactos e xuntanzas mantidas con este grupo parlamentar, dende o sector o que nos manifestan é a necesidade que se articulen axudas específicas, atendendo ás súas particularidades. Pero sobre todo, o que manifestan é a seu desexo de traballar cando a situación epidemiolóxica así o permita, cumprindo escrupulosamente con todas as normas sanitarias que se establezan (en pé de igualdade con moitísimos outros sectores da nosa economía). E para poder traballar, demandan un protocolo sanitario específico, consensuado coa Xunta. Pero para isto, precisan que a Xunta de Galiza os escoite.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A asimetría das consecuencias da pandemia fai imprescindible a adopción de medidas asimétricas dende as administracións, atendendo ás particularidades dos diferentes sectores. E o sector que engloba a profesionais e empresas de servizos das festas galegas precisa desas medidas de xeito inmediato, para evitar desaparecer.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reunirse de inmediato cunha representación ampla e plural do sector coa finalidade de definir un plan de axudas específicas así como un protocolo sanitario tamén específico que lles permita traballar, en pé de igualdade con outros sectores profesionais do noso país, cando a situación epidemiolóxica e as restricións sanitarias así o permitan.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 18:08:27

María do Carme González Iglesias na data 05/04/2021 18:08:30

Daniel Pérez López na data 05/04/2021 18:08:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/04/2021 18:08:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 1 do mes de febreiro produciuse un caso COVID no Punto de Atención á Infancia de Sober. Istou motivou unha concatenación de feitos que levaron ás familias a sentirse absolutamente desprotexidas, xa que foron elas as que lideraron o cumprimento das medidas protocolarias para impedir a expansión do virus.

Ante as indicacións contraditorias, a ausencia de comunicación de resultados negativos provocou a incertidume das familias e fixo que foran elas as que, chamando a tódalas portas posibles, fixeran o seu propio seguimento, e as correccións oportunas polos erros na aplicación dos protocolos.

Deste xeito, o 13 de febreiro cursaron queixa á Valedora do Pobo (que admitiu o asunto a trámite) e á Dirección Xeral de Saúde Pública (que non contestaron a día de hoxe) pola falta de información, erros nos protocolos establecidos, falta de seguimento dos casos e falta de resposta da Administración ante o que rematou converténdose nun gromo COVID.

Todo isto sería inexplicable aínda sendo un caso illado, pero desgrazadamente soa familiar e recorrente a descordinación no seguimento dos casos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O SERGAS está enviando resultados de PCR a persoas que non a fixeron, cambios de dirección nos protocolos, demasiadas persoas chamando aos positivos repetitivamente, "protocolos" que non repiten PCR aos casos negativos, outros que si a repiten, consideración dos casos negativos como casos illados do gromo, etc.

Así e todo, o máis grave é a desconsideración coa que as distintas administracións trataron a estas familias, comezando polo Concello de Sober e rematando pola ausencia de resposta de Saúde Pública e pasando por que hoxe en día o centro segue sen figurar entre os centros que tiveron gromos de COVID.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a avaliar a coordinación no seguimento de casos e contactos, de modo que de acontecer de novo brotes en PAI, as familias se sintan acompañadas no proceso e seguras de que están a aplicarse os protocolos de illamento e a realización de PCRs de xeito correcto.”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/04/2021 09:57:22

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2021 09:57:27

Iria Carreira Pazos na data 06/04/2021 09:57:38

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2021 09:58:04



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Dende o inicio da pandemia, en relación tanto aos contaxios e á súa distribución como sobre os criterios sobre a toma de decisións, o goberno da Xunta de Galicia ten amosado posicións variables e alterables sobre a vontade de ofrecer datos. Todas elas evidenciaron, en termo xeral, a tentativa de reducir a información feita pública, como así manifestou o propio presidente da Xunta de Galicia sobre os datos por concellos sinalándoos como “perigosos”.

En todo caso, o avance da situación foi modulando esta cuestión por parte do goberno de Galicia, que tivo que abrir certa parte de información sobre a pandemia, aínda que non excesiva e con eivas e notorias deficiencias (positivos fronte a casos activos, demoras, etc.).

No caso da vacinación a situación resulta parecida, pois os datos ofrecidos non son todos os posibles para a poboación xeral, e non son plenamente abertos para consulta e descarga, como tampouco son coñecidos os motivos da non vacinación (rexeitamento, contraindicación...) e non é sinxelo coñecerlos por franxas temporais. A existencia de ferramentas informáticas e de xestión de datos de suficiente potencia son aportes para poder construír espazos de consulta, que permitisen un maior dinamismo e maior claridade nos datos. Isto tamén facilitaría a comprensión cidadá sobre a situación, e faría máis permeable a interacción entre cidadanía e as institucións, importantísima nesta situación actual. Existen comunidades autónomas que teñen tomado este camiño, como Asturias, que comparte toda esta información a través dun portal moi activo e actualizado, que é moi visitado e utilizado pola cidadanía, medios de comunicación e investigadores/as que contribúen á mellora do coñecemento e das posibilidades de loita contra a pandemia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar o sistema de información existente, a través da actualización e implementación de espazos web que permitan o acceso a un maior volume de datos, máis amplo, con maior profundidade, aberto para descarga e con máis opcións dinámicas de consulta.

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2021 12:59:43

Marina Ortega Otero na data 06/04/2021 12:59:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/04/2021 12:59:58



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia. Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

Dentro destas circunstancias, os problemas derivados das condutas das empresas farmacéuticas, así como as dúbidas xurdidas entre parte da poboación europea con motivo da interrupción da vacina de Astrazéneca, suxiren a necesidade de fortalecer a vinculación entre cidadanía e o procedemento. Os datos oficiais evidencian que a cidadanía vén amosando un alto grado de confianza nas vacinas, a pesares de todo, mais apúntanse en diversos estudos que a medida que se os grupos obxectivo vaian descendendo en idade e sexan máis xeralistas, este grado pode diminuír. Aínda sendo moi amplo, é importante fortalecer os labores pedagóxicos e de esforzo colectivo en convencer dunhas bondades e vantaxes da vacinación, que os datos están dotando dunha robustez incontestable.

Superando mecanismos ou recursos non desexables nin recomendables como a obrigatoriedade da vacina, que rexeitan case todos os países e a inmensa maioría do persoal científico, hai outros procedementos que poden resultar útiles como campañas masivas de información das bondades da vacinación, a través dos medios de comunicación, da promoción de actos públicos e da vinculación de persoeiros coñecidos que contribúan a difundir a mensaxe. Estes procesos están amplamente contrastados como efectivos ante situacións semellantes nas que é importante transmitir mensaxes de confirmación e confianza entre a poboación.



A pesares desta eficacia coñecida e contrastada, e de estar ante o un proceso tan relevante e fundamental como a vacinación contra a Covid, non é coñecido ningún esforzo extraordinario por parte do Goberno de Galicia na difusión e validación da vacinación, e a confianza no proceso desenvolvido polas institucións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a activar un proceso de difusión pública dos grandes e positivos resultados da vacinación contra a Covid, da importancia do apoio e confianza nas institucións que o están a habilitar e a desenvolver unha campaña de promoción da vacinación entre todos os colectivos que tamén conte coa participación de persoas coñecidas e recoñecidas do mundo científico, social, deportivo, cultural, económico, político e todos cantos ámbitos poidan contribuír.

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2021 13:04:46

Marina Ortega Otero na data 06/04/2021 13:04:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/04/2021 13:05:01



Á Mesa do Parlamento

En concreto trátase de cinco alumnos e alumnas do CEIP de Teixeiro (Curtis) que eran recollidas nas súas paradas habituais e que as viron modificadas afectándoos negativamente.

No seu momento foron enviados os respectivos informes desde o colexio ao servizo de inspección educativa e de aí á Mobilidade da Xunta de Galiza sen que ata o momento se resolvese nada. A problemática está aí, presente e causando molestias e vulnerando dereitos básicos da poboación escolar .





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Resolver as reclamacións destes alumnos e alumnas atendendo ás súas necesidades e recuperando as paradas que tiñan antes da modificación de outubro.
2. Estudar e resolver as afectacións similares no resto do País galego para un mellor funcionamento do ensino público obrigatorio.
3. Facelo á maior brevidade pois van case oito meses de curso destas irregularidades.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/04/2021 13:15:51

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2021 13:15:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/04/2021 13:16:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da factoría de REPSOL na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 8 de abril a dirección de REPSOL comunicou á representación do persoal do centro de traballo da empresa na Coruña a súa intención de aplicar un ERTE por unha período de 6 meses. Unha medida inédita nesta factoría que afectaría a un total de 212 persoas.

A empresa REPSOL obtivo un resultado operativo de 600 millóns de euros no ano 2020 (o duplo do agardado por analistas), e reduciu débeda nun 28%, o que conduciu a unha suba da súa cotización en bolsa en canto se deron a coñecer os resultados, anunciados con optimismo e satisfacción polo seu conselleiro delegado, o Sr. Imaz, o 18 de febreiro.

Pouco despois desta presentación, o día 2 de marzo, o directivo de REPSOL foi recibido polo presidente Feijóo para, segundo reza a nota de prensa oficial, avaliar as posibilidades dos Fondos Next Generation e os seus efectos na economía e no emprego. Durante a reunión, e seguindo a mesma nota de prensa, o Sr. Imaz informou ao presidente Feijóo dos proxectos de REPSOL na Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O positivo dos resultados da empresa malia o contexto económico difícil, e o posterior anuncio de investimentos na Coruña durante a reunión co presidente Feijóo, fai que o ERTE anunciado pola empresa, como dicíamos, inédito non só en REPSOL Coruña senón nas empresas do sector de idénticas dimensións, resulte extremadamente preocupante para o propio persoal e para a sociedade en xeral, sementando de dúbidas a veracidade e solidez dos proxectos e outros anuncios corporativos e gubernativos, que son desmentidos de xeito tan radical ao pouco tempo de ser realizados.

Feitos que poderían dar unha outra visión dos motivos e contido real da entrevista entre Imaz e Feijóo, converténdoa nunha mera visita de cortesía para anunciarlle a tormenta que viña provocar.

Por outra banda, o centro de traballo de REPSOL Coruña conta con un cadro de persoal xa moi axustado para as necesidades operativas habituais, polo que resulta fora de lugar a posibilidade de suspender total ou parcialmente os contratos deste persoal reducindo aínda máis o número de horas efectivas de traballo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a promover de inmediato cantas accións resulten necesarias para lograr que REPSOL renuncie a aplicación do ERTE anunciado.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2021 17:16:29

Daniel Pérez López na data 08/04/2021 17:16:32

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 17:16:44

Ana Pontón Mondelo na data 08/04/2021 17:16:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da empresa GABADI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa GABADI, da comarca de Ferrol, ven de pechar sen acordo o período de negociación dun ERE extintivo por causas produtivas e organizativas. Unha medida anunciada para 36 persoas dun total das 169 que actualmente traballan.

Trátase dunha empresa moi diversificada dentro do mercado da construción naval, quer do punto de vista das actividades que realiza, que van desde a soldadura á habilitación pasando pola andamaxe, quer do punto de vista dos clientes e dos mercados internacionais, xa que presta servizos, actualmente, en Dinamarca, Singapur, Canada, China, ou Qatar, ademais de para NAVANTIA na ría de Ferrol.

Durante a negociación do ERE producíronse feitos que desmenten a necesidade da execución dos despedimentos, como a realización desmesurada de horas extras ou a contratación de empresas externas para a prestación de servizos que habitualmente realiza o persoal propio, algunha, por certo vinculada coa propia GABADI, como por exemplo MONCINA. Outras das empresas subcontratadas foron GALICTIO, e MONMEGA.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A empresa alega que a causa principal da medida que propón é a perda de contratos en obra nova en Navantia, e propón como alternativa para os despedimentos unha serie de medidas que poden resumirse como a total desregulación das relacións laborais dentro da empresa, negándose a asumir as alternativas propostas pola parte social de redución temporal de contratos, máis coherente coa proposta e coas alegacións que se conteñen na memoria empresarial, o que deixa en evidencia o feito de os despedimentos tratarse dunha ameaza para conseguir o auténtico resultado perseguido, que como dicíamos non é outro que a desregulación das condicións de traballo.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a Galiza a:

1. Reunirse cos representantes do persoal.
2. Promover de inmediato cantas accións resulten necesarias para lograr que GABADI renuncie a aplicación do ERE anunciado.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/04/2021 17:26:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/04/2021 17:26:49

Daniel Pérez López na data 08/04/2021 17:27:01

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 17:27:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O 8 de marzo de 2021 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 5 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021, cun crédito orzamentario 2.303.664,34 €, distribuídos en dúas anualidades, 1.357.232,67€ para 2021 e 946.431,67€ para 2022, sendo a axuda económica subvencionable do 70 % do investimento subvencionable, co límite máximo de 67.760,00 € por concello (IVE incluído), ata o esgotamento do crédito.

Na propia exposición de motivos, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda manifesta que a finalidade destas axudas son *“humanizar as vilas galegas, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocada no futuro e nas persoas, para o que é preciso acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación”*.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a:

1. Que todas as subvencións convocadas pola Administración autonómica dirixidas a concellos sexan en réxime de concorrencia competitiva, con criterios claros, obxectivos e previamente consensuados coa Fegamp.
2. Elaborar no primeiro semestre do ano un plan a cinco anos para *“acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos, en definitiva, mellorando o benestar e a*



calidade de vida da súa poboación” para todos os concellos galegos de menos de 20.000 habitantes.

3. Enviar ao Parlamento unha relación das solicitudes presentadas por orde de chegada así como da documentación presentada por cada un dos concellos solicitantes.

Pazo do Parlamento, 8 de abril do 2021

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/04/2021 17:28:15

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 17:28:24

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 17:28:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/04/2021 17:28:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinalaba que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Remataba a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son os de lograr a mellora das comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráfico de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso, define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes e, por suposto, todo iso minimizando o impacto ambiental de conformidade coa normativa galega, española e europea.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a



terceira rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria Autopistas del Atlántico sería favorecida. Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo. O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes. O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Lamentable e incomprensiblemente, as obras da Vía Ártabra teñen arrasado xa parte da zona húmida da Gándara, que acolle catro especies en perigo de extinción e outras en estado de gran vulnerabilidade, ademais de funcionar como barreira contra posibles inundacións nunha extensa área, estar incluído na Reserva da Biosfera e figurar como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta desde 1994.

O 21 de decembro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas publica un anuncio polo que se somete a trámite de información pública o proxecto de modificado número1 da Vía Ártabra, que contén modificacións na fase I e amplía as súas determinacións á fase II, que está pendente da autorización de Fomento para a conexión coa AP9.

A lei 21/2013, de avaliación ambiental, determina, por aplicación do seu artigo 43 e da súa DT primeira, que a DIA da obra, que data do ano 2009, perda vixencia a partir dos 6 anos desde a entrada en vigor da lei, prazo que se cumpriu o 12 de decembro de 2019, establecendo a mesma disposición transitoria o efecto desa perda de vixencia: “el promotor deberá iniciar nuevamente el trámite de evaluación del impacto ambiental del proyecto conforme a lo establecido en esta ley”. Iso implica facer un estudo de alternativas, a correspondente comparativa entre elas, a elección da máis axeitada, a proposta de DIA e a redacción do proxecto baseándose na solución adoptada. A omisión deste trámite daría lugar á



nulidade dos actos administrativos que se adoptasen a partir do 12 de decembro de 2019.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria que aseguren a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo a toda a área metropolitana da Coruña.

2º. Dar cumprimento ao acordo de aprobación definitiva do Plan sectorial tendo en conta o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006.

3º. Iniciar novamente o trámite de avaliación do impacto ambiental do proxecto dada a perda de vixencia da DIA do ano 2009.

4º. Impedir a destrución da zona húmida da Gándara.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 16:36:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/04/2021 16:37:10

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 16:37:24

Patricia Otero Rodríguez na data 08/04/2021 16:37:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/04/2021 16:37:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, e da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Os Pactos do Hostal, que derivaron no actual Estatuto de Autonomía, permitiron no seu momento que Galicia tivese unha autonomía de primeira, no máximo nivel competencial, e que non quedase atrasada respecto das outras nacionalidades históricas.

Non obstante, o paso do tempo parello ao desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomías veu a pór de manifesto a necesidade real de seguir incrementado o nivel de autogoberno do noso país, apostando por demandar e acordar novas competencias que poidan ser asumidas pola Administración autonómica.

É preciso lembrar a este respecto que a última actuación do Goberno galego foi realizada polo Executivo presidido por Emilio Pérez Touriño. En concreto, o Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 3 de novembro de 2005, aproba un completo informe ao respecto das competencias que poderían ser asumidas pola nosa Comunidade Autónoma. Tal documento resulta na actualidade un informe xeral válido que poder servir de base para a asunción de novas competencias e a ampliación do autogoberno para Galicia.

Pola contra, os diversos gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterízanse polo completo abandono sobre as demandas de máis competencias para a Comunidade Autónoma Galicia. Así, nos últimos doce anos non foi solicitada ningunha nova competencia que supuxer a ampliación das funcións do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

Incluso os anuncios realizados dende o Partido Popular parecen ir en dirección contraria, ao defender dende a súa máxima representación que a Administración xeral do Estado recupere competencias que hoxe corresponden á nosa Comunidade Autónoma, en cuestións como, por exemplo, a educación, a xustiza ou sanidade. Ou cando se afirma que o Estado das autonomías chegou ao seu límite e non se realizase ningunha competencia máis cara ás comunidades autónomas.



Esta posición política coincide e resulta congruente co balance de cero transferencias nos últimos doce anos para Galicia, onde maioritariamente gobernou no Goberno central o Partido Popular, e vén a contrastar a nivel galego co dinamismo de anos precedentes dos anteriores gobernos autonómicos, aínda de diverso signo político.

Co fin de acabar coa dinámica instaurada polo Partido Popular nesta materia, xa en 2019 este grupo parlamentario presentou esta proposta que pretende que, unha vez máis na historia, exista un impulso no autogoberno galego que garanta que Galicia non quede atrás, iniciativa rexeitada polo Partido Popular en consonancia co seu completo desleixo por que a nosa terra siga avanzando competencialmente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para avanzar na asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, asumindo a este respecto o Informe realizado polo Goberno galego para a Comisión Mixta de Transferencias de data 3 de novembro de 2005, dando prioridade ás seguintes materias:

1. Arquivos históricos e os seus fondos.
2. Funcionarios de habilitación nacional de Administración local.
3. Expedición de títulos de Xestor administrativo.
4. Formación continua na Administración local.
5. Xestión do dominio público marítimo terrestre e ordenación de usos e actividades.
6. Outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo- terrestre.
7. Obras de conservación e mellora do dominio público marítimo-terrestre.
8. Delegación das funcións de inspección sobre embarcacións marítimas.
9. Policía Autonómica Galega.
10. Tráfico e Seguridade viaria.
11. Demarcación xudicial.
12. Execución das normas de Seguridade privada.
13. Funcións e servizos relacionados coa agricultura e desenvolvemento rural aínda non traspasados.
14. Seguros agrarios.
15. Política forestal aínda non traspasada.
16. Xestión conveniada do Catastro.



17. Canón sobre concesións da Comunidade no dominio público portuario.
18. Espazos pesqueiros e deportivos integrados nos portos de interese xeral do Estado.
19. Instalacións previstas no artigo 110.b da Lei de costas.
20. Servizos de proximidade ferroviaria.
21. AP- 53.
22. Transporte fluvial.
23. Actividade administrativa en materia de Propiedade industrial.
24. Actividade administrativa en materia de Propiedade intelectual.
25. Formación profesional náutico pesqueira.
26. Inspección de traballo e Seguridade Social.
27. Seguro escolar.
28. Paradores de Turismo.
29. Expedición e homologación de títulos e estudos estranxeiros de ensino universitario.
30. Sanidade penitenciaria.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 16:58:05

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 16:58:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/04/2021 16:58:34





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/04/2021 09:30:00

Nº Rexistro: 13881

Data envío: 07/04/2021 08:34:49.845

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 7 ABR. 2021

SAÍDA

Num.

34

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	AMPLIACIÓN/BAIXA DE CRÉDITO
REFERENCIA	Prorrogado
ENTIDADE / ORGANISMO	Consellería de Facenda e Administración Pública
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio. (001.07.01)
DATA DE APERTURA	13/01/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AB-07-001-21

1.1.2. Descrición operación

Ampliación de crédito por un importe de catro mil seiscientos vinte e tres euros con un céntimo (4.623,01€) no capítulo I do orzamento de gastos da Consellería de Facenda e Administración Pública, e baixa de crédito, polo mesmo importe no capítulo I co obxecto de facer fronte ao aboamento das nóminas do persoal que realiza substitucións.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	12	07.05.124A.12020	SUBSTITUCIÓNS DE PERSOAL NON DOCENTE	2016.00055	1010	N	4.623,01	
						TOTAL	4.623,01	0,00

1.2.2. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	12	07.02.621A.12101	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	2016.00057	1010	N	4.623,01	
						TOTAL	4.623,01	0,00

1.2.3. Fundamento normativo

Artigos 64.1.a) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigos 7.Un.g) e 7.Tres da Lei 6/2019, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, prorrogada para 2021 en virtude do disposto no Decreto 228/2020, do 23 de decembro.

Orde da Consellería de Facenda do 1 de agosto de 2019 pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.





Expediente para Acordo

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Consellería de Facenda e Administración Pública remite un expediente no que se solicita unha ampliación de crédito por importe 4.623,01€ para incrementar o capítulo I, aplicación 07.05.124A.120.20 para facer fronte ao aboamento das nóminas do persoal que realiza substitucións.

A finalidade da modificación é incrementar crédito destinado ao pagamento das retribucións imputables ao concepto económico 120.20, pola substitución de persoal funcionario non docente durante o ano 2021.

O crédito da aplicación a incrementar ten carácter ampliable, con baixas noutra aplicación do capítulo I da mesma consellería, de acordo co artigo 7.Un.g) da Lei 6/2019, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 .

De acordo co artigo 64.2 do TRLRFO e 7.un g) e 7. tres da Lei 6/2019, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, solicítase a baixa no capítulo I da Consellería de Facenda e Administración Pública para financiar dita ampliación, achegando no expediente o informe favorable da intervención delegada en dita consellería, onde consta o número da operación contable que garante o financiamento do expediente.

A modificación informouse favorablemente pola Subdirección Xeral de Custos de Persoal da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda.

A modificación permitirá atender os obxectivos programados e non ten carácter consolidable para futuros exercicios.

Por todo o anterior, esta dirección xeral ao abeiro do establecido no artigo 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización o expediente de ampliación e baixa de crédito nos termos da proposta.

1.4. INCIDENCIA INDICADORES NEGATIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE
11.20.432A.2016.00153	---				

1.5. INCIDENCIA INDICADORES POSITIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE
11.20.432A.2016.00153	---				

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral	Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López-Prado



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2020-PRORROGADO
REFERENCIA	AB-08-001-21
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
ÓRGANO XESTOR	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
DATA DE APERTURA	21.01.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AB-08-001-20

1.1.2. Descrición operación

Ampliación de crédito no orzamento prorrogado do 2021 por importe de trinta e un mil trescentos cincuenta euros (31.350,00 €) no concepto 120.20 SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL NON DOCENTE do programa 541B da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e baixa polo mesmo importe no concepto 120.02 SOLDOS SUBGRUPO C1 para o pagamento das retribucións dunha persoa funcionaria interina que substitúe a unha persoa funcionaria liberada sindical.

EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.1.3. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	13	08.03.541B.120.20	SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL NON DOCENTE	2016 00079	1010	N	31.350,00 €	
						TOTAL	31.350,00 €	



1.1.4. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	13	08.03.541B.120.02	SOLDOS SUBGRUPO C1	2016 00079	1010	N	31.350,00 €	
						TOTAL	31.350,00 €	

1.1.5. Fundamento normativo

Artigos 64.1.a) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 7. Un.g) da Lei 6/2019, 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Artigo 5.1.a) do Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.2. INFORME

1.2.1. Exposición

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, remite un expediente no que solicita a tramitación dunha ampliación e baixa de crédito por importe de 31.350,00 € no concepto 120.20 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Solicítase, polo tanto, adecuar os créditos do orzamento prorrogado ás necesidades do exercicio 2021.

O obxecto desta modificación é contar co crédito suficiente para pagamento das retribucións imputables ao concepto económico 120.20, pola substitución de persoal funcionario non docente durante o ano 2021, con baixa noutro concepto económico do capítulo I.

O artigo 7.Un g) da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, establece "Os créditos vinculantes incluídos nas aplicacións 120.20 "Substitucións de persoal



non docente", que se considerarán ampliables únicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo".

Achégase informe favorable da Intervención Delegada na consellería, e o informe favorable da Subdirección Xeral de Custos de Persoal da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A modificación de crédito non xera incremento do gasto público nin ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

O expediente finánciase con remanentes de crédito do orzamento prorrogado onde se dispón de crédito suficiente na aplicación 08.03.541B.120.20 debido á existencia de postos desocupados. Achégase o documento contable Rct que garante a existencia de crédito adecuado e suficiente para a tramitación da modificación.

Polo exposto, e de acordo co Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, sométese para a súa autorización nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTE LA	SANTIAGO DE COMPOSTE LA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2020-PRORROGADO
REFERENCIA	AD-10-001-21 - BC-10-001-21
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
ÓRGANO XESTOR	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
DATA DE APERTURA	14.01.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AD-10-001-21

BC-10-001-21

1.1.2. Descrición operación

Adscripción de créditos por importe de tres millóns seiscientos corenta e sete mil catrocentos oitenta e nove euros (3.647.489,00€) en diversas partidas da Dirección Xeral de Cultura, Educación e Universidade para atender gastos que se consideran necesarios no exercicio 2021 e baixa de crédito por importe de seiscientos un mil douscentos catro euros (601.204,00€) no orzamento da consellería.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	01	10.30.423A.4802	AXUDAS AUXILIARES CONVERSACIÓN	2010 01201	1010	N	906.015,00	
001	01	10.30.423A.224	PRIMAS DE SEGUROS	2010 01201	1010	N	45.713,00	
001	01	10.30.422I.6401	FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESOR	2015 00354	3010	N	291.691,00	
001	01	10.30.422I.6401	FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESOR	2015 00354	1010	N	774.209,00	
001	01	10.30.422I.6402	FORMACIÓN DO PROFESORADO EN IGUALDADE	2018 00027	1010	N	103.350,00	
001	01	10.30.422I.6403	FORMACIÓN ESCOLAS DE NAIS E PAIS	2018 00028	1010	N	118.000,00	
001	01	10.30.423B.6402	FORMACIÓN DO PROFESORADO EN PROG. ÉXITO	2015 00363	1010	N	521.550,00	
001	01	10.30.423B.6401	FORMACIÓN DO PROFESORADO EDUDIXITAL	2018 00029	1010	N	793.025,00	
001	01	10.30.422M.64018	PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE F.P.	2015.00361	1010	N	93.936,00	
						TOTAL	3.647.489,00	

1.2.2. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	01	10.10.423A.22308	TRANSPORTE ESCOLAR	2015 00314	1010	N	601.204,00	
						TOTAL	601.204,00	



1.2.3. Fundamento normativo

Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade solicita a adecuación dos créditos do orzamento prorrogado ás necesidades do exercicio 2021.

As necesidades xorden de operacións de tramitación anticipada e futuros realizadas con posterioridade á elaboración do orzamento prorrogado así como de outras de carácter urxente non contempladas. A adscrición finánciase en parte con baixas en outros conceptos e o resto a través de remanentes por inexecución do orzamento.

A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

Polo exposto, e de acordo co Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, sométese para a súa autorización nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTE LA	SANTIAGO DE COMPOSTE LA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2020-PRORROGADO
REFERENCIA	AD-BC – AXUSTE CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA
ENTIDADE / ORGANISMO	GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERIAS
ÓRGANO XESTOR	GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERIAS
DATA DE APERTURA	12.01.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

BC-23-800-21

AD-23-800-21

1.1.2. Descrición operación

Adscripción de crédito por importe de 2.696.867,00€ no orzamento da sección 23-Gastos de diversas consellerías con baixa na mesma sección para o pagamento da transferencia corrente mensual ao Consorcio para a Promoción da Música.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	23.01.811C.4601	2015.00622	1010	2.696.867,00

1.2.2. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	23.01.621A. 224	2014.00674	1010	2.696.867,00

1.2.2. Fundamento normativo

Artigo 5 da Lei de Orzamentos de Galicia para 2020.





Expediente para Acordo

DECRETO 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

Ante a necesidade de efectuar o libramento mensual de transferencias correntes ao Consorcio para a Promoción da Música, non contemplada inicialmente na prórroga do orzamento procedese á súa dotación que se compensa con baixa en partidas na mesma sección segundo o establecido no Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Na partida de orixe dos fondos, unha vez realizada a baixa, existe crédito suficiente para atender as necesidades a satisfacer durante a vixencia do orzamento prorrogado.

A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

Polo exposto, e de acordo co artigo 5 da Lei de Orzamentos para 2020 e do Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, sométese para a súa autorización nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2020-PRORROGADO
REFERENCIA	AM-13-000-21
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
ÓRGANO XESTOR	D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL
DATA DE APERTURA	11.01.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AM-13-001-21

1.1.2. Descrición operación

Ampliación de créditos no orzamento prorrogado para 2021 na consellería de Política Social, por importe de 29.000.000,00 euros na partida 13.03.312A.480.1-RISGA, para atender compromisos de prestacións económicas e outros plurianuais debidamente adquiridos.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	21	13.03.312A.480.1	2015 00480	1010	N	15.000.000,00	
001	21	13.03.312A.480.1	2020 00069	1010	N	14.000.000,00	

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 64 e 66 do DL 1/1999 polo que se aproba o TR da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario da CC.AA. de Galicia.

Artigo 7, letra l) da Lei de Orzamentos de Galicia para 2020.

Artigo 5.1 letra d) do Decreto 228/2020, do 23 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.





Expediente para Acordo

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A consellería de Política Social solicita a ampliación do crédito do presuposto inicial da partida 13.03.312A.480.1-RISGA por importe de 29 millóns de euros. O crédito destinarase por unha parte á atención de compromisos correspondentes a prestacións económicas da Renda de Integración Social á que os beneficiarios teñen dereito o 1 de xaneiro de 2021, por un total de 15 millóns de euros – código de proxecto 2015.00. O restante, 14 millóns destinarase a atender os compromisos plurianuais vixentes a 31/12/2020 correspondentes á prórroga do convenio de colaboración coa Cruza Vermella para a cobertura de necesidades básicas de vulnerabilidade por COVID-19.

A Lei de orzamentos Xerais da CC.AA. de Galicia para 2020 prorrogada polo Decreto 228/2020 do 23 de decembro, declara no seu artigo 7 letra l) como ampliables os créditos destinados ao pagamento da renda de inclusión social. Así mesmo, o artigo 5.1 do mencionado decreto establece que durante o período de prórroga do orzamento poderanse tramitar expedientes de compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores e compromisos debidamente adquiridos que se destinen a pensións, prestacións económicas, subvencións e axudas a que as persoas beneficiarias teñan dereito a 1 de xaneiro de 2021. Estes últimos compromisos imputaranse trimestralmente.

A ampliación do crédito financiarase con cargo a remanentes resultantes da execución do presuposto prorrogado. Achegase xunto coa petición informe favorable da Intervención delegada.

A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.



Expediente para Acordo

Polo exposto, e de acordo cos artigos 64 e 66 do DL 1/1999 polo que se aproba o TR da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario da CC.AA. de Galicia, sométese para a súa autorización nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2020-PRORROGADO
REFERENCIA	AD-BC – AXUSTE AMTEGA-CIXTEC
ENTIDADE / ORGANISMO	VARIAS
ÓRGANO XESTOR	V
DATA DE APERTURA	11.01.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

BC-04.A1-000 -21

AD-07.A1-000-21

BC-04-000-21

AD-07-000-21

1.1.2. Descrición operación

Adscripción de crédito por importe de 10.398.010,00€ no orzamento do CIXTEC e nas transferencias internas da consellería de Facenda para ese organismo é baixa de crédito polos mesmos importes no orzamento da AMTEGA e transferencias internas na consellería da Presidencia co obxecto de executar o presuposto prorrogado para 2021 de acordo coa estrutura orgánica vixente a 1 de xaneiro de 2021.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
403	01	07A1571A213	202100011	1010	35.617,00
403	01	07A1571A214	202100011	1010	2.200,00
403	01	07A1571A216	202100011	1010	25.000,00
403	01	07A1571A219	202100011	1010	31.075,00
403	01	07A1571A22000	202100011	1010	82.500,00
403	01	07A1571A22001	202100011	1010	1.200,00
403	01	07A1571A22002	202100011	1010	92.000,00
403	01	07A1571A22100	202100011	1010	105.000,00
403	01	07A1571A22101	202100011	1010	1.500,00





**XUNTA
DE GALICIA**

Expediente para Acordo

403	01	07A1571A22103	202100011	1010	665,00
403	01	07A1571A22200	202100011	1010	41.500,00
403	01	07A1571A22201	202100011	1010	29.600,00
403	01	07A1571A22204	202100011	1010	100.000,00
403	01	07A1571A223	202100011	1010	5.000,00
403	01	07A1571A224	202100011	1010	11.500,00
403	01	07A1571A225	202100011	1010	825,00
403	01	07A1571A226	202100011	1010	68.500,00
403	01	07A1571A22700	202100011	1010	99.000,00
403	01	07A1571A22701	202100011	1010	180.000,00
403	01	07A1571A22704	202100011	1010	90,00
403	01	07A1571A22706	202100011	1010	12.000,00
403	01	07A1571A22707	202100011	1010	8.500,00
403	01	07A1571A22799	202100011	1010	5.910,00
403	01	07A1571A230	202100011	1010	3.500,00
403	01	07A1571A231	202100011	1010	5.500,00
403	01	07A1611A10000	201600003	1010	59.750,00
403	01	07A1611A10008	201600003	1010	226,00
403	01	07A1611A13000	201600003	1010	2.648.120,00
403	01	07A1611A13001	201600003	1010	1.296.585,00
403	01	07A1611A13002	201600003	1010	4.092,00
403	01	07A1611A13005	201600003	1010	238.638,00
403	01	07A1611A13008	201600003	1010	15.439,00
403	01	07A1611A16000	201600003	1010	1.158.034,00
403	01	07A1611A6260	201500007	1010	102.668,00
403	01	07A1611A6260	202100010	1020	74.090,00
403	01	07A1611A6260	202100010	4130	296.360,00
403	01	07A1611A6400	201500007	1010	969.925,00
403	01	07A1611A6400	202100010	1020	405.602,00
403	01	07A1611A6400	202100010	4130	1.622.410,00
403	01	07A1611A6401	201500007	1010	443.491,00
403	01	07A1611A6409	201500007	1010	48.500,00
TOTAL 403- CIXTEC					10.398.010,00
001	01	0701611A43202	201500020	1010	6.434.964,00
001	01	0701611A 73202	201500020	1010	1.564.584,00
001	01	0701611A 73202	201500020	1020	479.692,00
001	01	0701611A 73202	201500020	4130	1.918.770,00
TOTAL 07- FACENDA – Transfencias internas ao CIXTEC					10.398.010,00



1.2.2 Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
303	01	04A1571A212	202100011	1010	65.898,00
303	01	04A1571A213	202100011	1010	35.617,00
303	01	04A1571A214	202100011	1010	2.200,00
303	01	04A1571A216	202100011	1010	25.000,00
303	01	04A1571A219	202100011	1010	31.075,00
303	01	04A1571A22000	202100011	1010	82.500,00
303	01	04A1571A22001	202100011	1010	1.200,00
303	01	04A1571A22002	202100011	1010	92.000,00
303	01	04A1571A22100	202100011	1010	105.000,00
303	01	04A1571A22101	202100011	1010	1.500,00
303	01	04A1571A22103	202100011	1010	665,00
303	01	04A1571A22200	202100011	1010	41.500,00
303	01	04A1571A22201	202100011	1010	29.600,00
303	01	04A1571A22204	202100011	1010	100.000,00
303	01	04A1571A223	202100011	1010	5.000,00
303	01	04A1571A224	202100011	1010	11.500,00
303	01	04A1571A225	202100011	1010	825,00
303	01	04A1571A226	202100011	1010	68.500,00
303	01	04A1571A22700	202100011	1010	99.000,00
303	01	04A1571A22701	202100011	1010	180.000,00
303	01	04A1571A22704	202100011	1010	90,00
303	01	04A1571A22706	202100011	1010	12.000,00
303	01	04A1571A22707	202100011	1010	8.500,00
303	01	04A1571A22799	202100011	1010	5.910,00
303	01	04A1571A230	202100011	1010	3.500,00
303	01	04A1571A231	202100011	1010	5.500,00
303	01	04A1611A10000	201600003	1010	59.750,00
303	01	04A1611A10008	201600003	1010	226,00
